

ESCOLA DE ANTROPOLOXÍA AB ORIGINE

CURSO PRÁCTICO DE INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

Impartido por Rafael Quintía Pereira

Investigar, aprender mutuamente, compartir experiencias,
traballar en equipo e achegar diferentes perspectivas á
investigación etnográfica.

DE OUTUBRO (2019) A MARZO (2020)

Aula de formación de AB ORIGINE. Antropoloxía

R/ Eduardo Pondal nº31-2ºD

36003 Pontevedra

info@aborigine.es





INVESTIGACIÓN ETNOGRÁFICA

por **Rafael Quintía**

Ofrecemos a posibilidade de iniciarse nas técnicas de investigación etnográfica e de pór en marcha a túa propia investigación contando co apoio e titorización dun antropólogo profesional que te axudará e dará soporte no teu traballo.

No curso de investigación etnográfica teremos en conta os coñecementos previos dos/as alumnos/as, fortaleceremos aqueles aspectos que sexan necesarios e achegarémoslles os recursos teóricos e metodolóxicos para que poidan desenvolver a súa propia investigación.

Aqueles/as alumnos/as cuxos traballos estivesen realizados segundo os estándares da investigación etnográfica e as indicación dadas no curso terán a oportunidade, se así o desexan, de publicar a súa investigación no anuario de antropoloxía e historia Fol de Veleno.

Ademais, porase a disposición do alumnado a aula de formación de AB ORIGINE e o seu equipamento para a realización de reunións, presentación e encontros de grupos de traballo que sexan necesarios durante o desenvolvemento do curso. Facilitamos tamén o acceso para a consulta dunha ampla bibliografía dispoñible.

DESTINADO A:

Todas aquelas persoas que queiran iniciarse na investigación etnográfica. Estudantes do grao de antropoloxía ou doutras disciplinas afíns e a todas aquelas persoas que queiran incorporar a metodoloxía da investigación antropolóxica nas súas actividades ou recibir formación no eido da antropoloxía.

ESTRUTURA

O curso-obradoiro estrutúrase en catro eixos:

- Formación teórica
- Experiencia práctica
- Investigación titorizada
- Elaboración do texto etnográfico

PROGRAMA

1. Que é a etnografía. Campos de estudo. Conceptos básicos da investigación social
2. O deseño da investigación (obxecto de estudo, planificación, metodoloxía...)
3. Deseñando a túa propia investigación. Practicum I
4. O acceso ao campo
5. As relacións de campo
6. Planificando o teu acceso ao campo e ás relacións de campo. Practicum II
7. A investigación documental
8. Realizando a túa investigación documental. Practicum III
9. Diálogos e entrevistas. Tipos e dinámicas
10. Preparando as entrevistas e cuestionarios. Practicum IV
11. O traballo de campo e o diario de campo
12. Comeza a investigación e o teu diario de campo. Practicum V
13. Recompilación, rexistro e organización da información (fichas, arquivos, notas...)
14. Organizando o noso arquivo de datos. Practicum VI
15. Inventarios etnográficos. Fichas e catálogos
16. Practicando o inventariado etnográfico. Practicum VII
17. O proceso de análise e reflexión
18. Análise, debate e posta en común. Practicum VIII
19. A ética na investigación etnográfica
20. A escritura etnográfica. Elaboración de informes
21. A publicación do informe. Posibilidades, medios e canles
22. Titorización do texto etnográfico
23. Titorización do texto etnográfico

Profesor

O curso está impartido polo antropólogo e profesor Rafael Quintía Pereira

Duración clases

2 h/semana

Duración curso

6 meses (do 7 de outubro ata o 30 de marzo)

Horario

Luns de 18:00-20:00

Prazas

12

Prezo

35 €/mes

Lugar

Aula de formación de AB ORIGINE. Antropoloxía SLL

R/ Eduardo Pondal nº31-2ºD

36003 Pontevedra

+Info

tel: 986.105.806

mail: info@aborigine.es

